

# Teatro

## Rodaxe

Manuel LOURENZO

### Personaxes:

Coppola  
Drácula  
Outros

*Transilvania.*

*Rodaxe na mansión do Conde Drácula.  
Este aparécelle por detrás ao director do filme.*

Coppola: Sempre tan misterioso, Conde Drácula?  
Drácula: Asusteino?  
Coppola: Non é nada... Entón acabou subindo?  
Drácula: Como di?  
Coppola: Para ver a rodaxe.  
Drácula: Ah, certo. Espero que a miña presenza non o distraia.  
Coppola: Esta é a última secuencia. Por favor, sente. Aquí ten unha cadeira.  
Drácula: Vostede non me coñece, Mr. Coppola:. Eu nunca faría iso.  
Coppola: O que?  
Drácula: Sentar nesa cadeira que me ofrece e que leva o seu nome no espaldar. No meu mundo respectamos as xerarquías.  
Coppola: Entón faga o que quixer. Así non hai ningún problema.  
Drácula: Eu non pretendín ofendelo.  
Coppola: Non o fixo. Mais tampouco entendeu o meu xesto, que era pura cortesía.  
Drácula: Comprenda que non poida desertar do meu *estatus*.  
Coppola: Compréndoo perfectamente. E agora quererá non atrapallar? Acomódese alí, entre aquelas caixas.  
Drácula: Está ben, Mr. Coppola:. Teño moita curiosidade en presenciar...  
Coppola: Silencio.

Drácula: Con certeza... Mais que están a facer os seus criados?  
Coppola: Non son os meus criados, son os técnicos. Están a recortar as luces e a lle dar os últimos toques ao decorado. Eses ferros precisaban dunha man de purpurina. E non digamos as madeiras, tan atacadas do mofo que más parecen restos sepulcrais... Permita que lle diga que ten isto bastante abandonado, Conde Drácula.  
Drácula: Esas luces teñen que estar aí?  
Coppola: Por que? Incomódano?  
Drácula: Non, non. É que non ando ben da vista. Adeus logo. Espero que me desculpe.  
Coppola: Está a fuxir da luz, como os morcegos?  
Drácula: Non se burle. É certo que teño un problema coa luz natural. Creo que lle chaman fotofobia. Mais a luz dos focos pudo aturala, só que preciso dun tempo, pois a adaptación non é inmediata, entende?  
Técnico: Podo iluminar, Mister?  
Coppola: Quererá dar vostede o sinal, Conde Drácula?:  
Drácula: Que é o que teño que dicir?  
Coppola: Que lle parece “fiat lux”?  
Drácula: Está a se burlar?  
Técnico: Dáme licenza, Mister?  
Coppola: Conde?  
Drácula: Está ben. Iluminen.

*Acéndense os focos.*

*Drácula protéxese da luz coas mans.*

*Os actores ocupan os seus lugares.*

*O Conde fala polo baixo.*

Drácula: Eses son os actores?

Coppola: Algúns deles. A maioría hai días que marcharon. Xa lle dixen que esta era a última secuencia da rodaxe.

Drácula: Imaxinaba que todo isto duraría máis. Quixería ter saudado cada un persoalmente.

Coppola: Eles tamén gustarían de telo coñecido.

Drácula: Dixéronlle así?

Coppola: Vino nas súas caras, cando se despedían... Levaban estampada a frase: "Lástima non termos coñecido o Conde Drácula".

Drácula: Por que non me mandou chamar? Deixaría o que for para atender os meus hóspedes. Entre nós, os balcánicos, a hospitalidade é un...

Coppola: Vostede andaba no seu e nós no noso. Non se angustie. Coñecerá o protagonista e iso será compensación suficiente.

Drácula: Quen é o protagonista?

Coppola: Non o sabe?

Drácula: O do manto dourado?

Coppola: Un magnífico actor e un auténtico profesional.

Drácula: O das uñas pintadas e maneiras de duquesa?

Coppola: Contratalo case nos leva á ruína.

Drácula: Nos Balcáns non gastamos esas saias.

Coppola: Quéreme dicir que non aproba o vestiario? En que basea a súa crítica?

Drácula: Eu non critico, Mr. Coppola. Só me limito a constatar o abismo existente entre a súa ficción e a miña realidade. Ese home parece un espantallo.

Coppola: O cinema é unha arte, Conde Drácula. Imaxes a reflectiren mundos, non a rexistraren sombras fuxidías.

Drácula: Parece obsesionado coas cores, Mr. Coppola. Tantas cores en acción revelan prevención ante a verdade más profunda, que é opaca. Eu son opaco, Mr. Coppola. Para achegarse a min, para expresarme, sóbralle policromía.

Coppola: Repítolle que o cinema é unha arte. E chega xa de lerías. Teño que traballar.

Drácula: O traballo non é unha excusa, *signore*, nin sequera un obxectivo.

Técnico: Paramos para xantar, Mister?

Coppola: Un momento. Que foi o que quixo dicir con iso dos matices, Conde?

Drácula: Falei eu dos matices?

Coppola: Non o fixo?

Drácula: É posíbel. Vou vello e non me lembro do que digo, ás veces.

Coppola: Afirmou que eu adoraba os matices?

Drácula: Afirmeíno?

Coppola: Se non o fixo é que o pensou, de certo.

Drácula: E como pode saber o que eu penso ou deixo de pensar?

Coppola: Vostede afirmou que eu adoraba os matices, e iso é correcto. Eu adoro os matices, e esa veneración tan especial pola gama cromática é unha das claves do meu estilo. Ou cal pensa que ía ser a causa de Hollywood me atrapar e non me deixar tranquilo? Podo xurar que actualmente vivo secuestrado pola fábrica de soños. E que é o que sorprende tanto en mim? Cal é finalmente o segredo da miña arte? Os matices.

Drácula: Xa me lembro. Eu non falei de matices. Eu sostiven simplemente que vostede estaba obsesionado polas cores... Xa eu sabía que a memoria non me podía fallar tanto.

Técnico: Mister?

Coppola: Si?

Técnico: O equipo técnico, por unanimidade, decidiu que eran horas de papar.

Coppola: Merda.

Técnico: Coa súa licenza, vou desligar os focos.

Coppola: Merda.

Técnico: E, se ten algo que opor, pode falar co delegado sindical.

Coppola: Merda.

Drácula: Se o preferir, falamos das cores...

Coppola: Como di?

Drácula: Eu tamén as amaba noutros tempos, cando estaba ebrio de vida. Un día chegara a convocar as cores todas, até me ver saturado. E acabara por estoupar. Ou, para que me entenda, fundira en negro. A eclosión de matices fora a miña perdición...

Coppola: Non. A sombra fora a súa perdición. A sombra da noite más longa, que o atrapara coas súas raíces. O drama da morte sempreviva. E non me diga que chegara a ela por un exceso de

coloración. O seu caos non ten esas orixes. O seu caos é simple e espontáneo como unha precisa maldición. Senón, pregunte aos espellos.

Drácula: Non se desborde. Quen podía saber máis de min do que eu propio, Mr. Coppola?

Coppola: Os espellos saben máis.

Drácula: Non saben nada. Esa apariencia das imaxes reflectidas caducou no mesmo instante de eu saber que non estaba, que era sombra, a miña propia testemuña, como vostede gusta de dicir.

Coppola: Por favor, non brinquemos coas palabras.

Drácula: Eu sei quen son, de que materia estou formado.

Coppola: Como o pode saber sen se ter ollado desde fóra? Os espellos non o devolven, non posúe máis retrato de si propio que o que os outros podemos fornecerlle. Só os alleos sabemos quen é ou polo menos como é.

Drácula: Os alleos coñecen, todo o máis, o meu perfil, o que podía interesar, por exemplo, a un escultor.

Coppola: E a un cineasta.

Drácula: Un cineasta non había tirar moito desa cópula.

Coppola: Entón? Que ven sendo o cinema senón a arte de brincar coas formas?

Drácula: Coas formas, non coa forma orixinal.

Coppola: As formas móvense, evolúen.

Drácula: A forma orixinal é estática.

Coppola: Será por iso que eu non imitei a súa forma? Agora podo confesarlle que non me atraía especialmente. Preferín encontrala en Gary Oldman, o actor, que é finamente intuitivo.

Drácula: Ese Drácula seu dáme arcadas.

Coppola: Pois foi a través del que comprendín quen era Drácula realmente.

Drácula: E quen era?

Coppola: Vostede, non.

Drácula: Desconfía do Drácula real? A verdade non lle interesa?

Coppola: Eu son artista, Conde. E teño a obriga de bater na casca até chegar á pebida, que neste caso é un vampiro, non un filósofo.

Drácula: Non espero que me comprenda. Vivimos en mundos moi diferentes. Vostede está obrigado a pensar no seu público, nos promotores...

Coppola: Iso é certo.

Drácula: E ten que lles vender o tópico, o Drácula: menos auténtico...

Coppola: Iso xa é más discutíbel.

Drácula: Vestido e maquillado como unha duquesa de opereta...

Coppola: Sabe que a súa vaidade é insuportábel, Conde Drácula?: Propónolle unha tregua até mañá. Por que non senta e goza sen reservas da rodaxe desta última secuencia? Talvez vendo os actores traballaren chegue a aprender algunha cousa do cinema e de si propio...

Drácula: De min sei o que teño que saber, *signore* Coppola. E, canto á arte do cinema, tiven as miñas experiencias con xenios como Murnau, tan minucioso; co reverente Fischer ou con aquel alemán estrafalario, Herzog, que me vía como un rato... Eles e outros retratáronme en todas as posturas, mesmo nas menos favorecedoras... Mais ningún deixara de escutar con paciencia as miñas apreciacións sobre o drama que veño padecendo...

Coppola: Non era a miña intención ofendelo, Conde Drácula.

Drácula: Non me ofendeu. Para ben ou para mal, os mortos somos insensíbeis.

*Voltan as xentes do equipo.*

*Prenden novamente as luces.*

Coppola: Quererá desculparme?

Drácula: Con certeza.

Coppola: E desexarme éxito co filme?

Drácula: O seu éxito está garantido, Mr. Coppola.

Coppola: Recoñece finalmente o meu talento?

Drácula: Eu nunca dubidei do seu talento.

Coppola: É moi xentil.

Drácula: Só da súa capacidade.

*Dá unha volta e desaparece.*

Coppola: Como dixo?

*A voz de Drácula: soa nas súas costas.*

Drácula: Polo demais estou tranquilo. O seu sarcasmo non me pode dar máis morte.

*Escuro e silencio.*